



Carta ao irmán¹

Yolanda Castaño²

Non aprendemos, Alberto;
a lúa nova foille a alguén co conto esta noite
de que hai quen tende a se colocar na garda de diante
en parte para se protexer.

Eu fun máis alta ca ti durante anos;
que ben fixeches cardando as túas cordas vocais coma nun trono.
Ata os fillos únicos precisan dun cutter
para descoser o pegamento dos álbums familiares.
Para canto máis.
Non é doado herdar zapatos
e despegarlles das solas as pegadas.

Así e todo sempre custodiamos un certo parecido,
ao fin e ao cabo os dous soñabamos con ter un coche, ladrar,
dormir a horas malvistas e que as
noites se filtrasen por nós abaixo ata ben tarde.

Mamá e papá tiveron que afacerse
a recollernos utopías e blasfemias pola casa coma se fosen pétalos.
Necesitabamos comprobalo por nós mesmos.
Apearnos das chaquetas, frases feitas e apelidos.
Saír a encontrar esa parte do noso corpo
que vivía na espesura, xusto onde ninguén buscara.
Tamén somos os anacos que non remontan veas arriba.

¹ Publicado en *Materia* (Xerais, 2022; edición bilingüe en Visor 2023). Premio Nacional de Poesía de España 2023.

² https://gl.wikipedia.org/wiki/Yolanda_Castaño; <https://yolandacastano.com/>.

Como cando marchamos da casa deles e descubrimos
outras órbitas: sabas moradas, horas feroces, vinagre
de mazá.
Esas flores de lique branco que medran na superficie das billas.

Alberto, a xente non o di pero no fondo
aman os grillóns, pero nós
queriamos nadar, sacudir o tempo, queriamos levantar
a nosa propia disciplina.
Dixéronnos que se sachabamos na decepción con moito esforzo
podería medrar de aí unha col que nos cubrise da intemperie.
Non sei como puidemos tragar
a inhábil épica do traballo, Alberto.
Ou será apenas que o mundo está simplemente cambiando.
Mamá e papá tiveron que afacerse,
acabamos estabulando esa besta nas nosas propias casas
e dunhas ubres tan pobres tampouco saía gran cousa.
Pertencían a outros e era tarde. Nós
xa mamamos anticorpos.

Alberto: cando suxeitaches o ceo coas mans
ninguén estaba mirando.
As veas dos brazos turraban
e un balbordo dende as alturas.
O solo do interlunio do *front man*:
Cando te mantiveches en pé con todo enriba
ninguén ao teu redor miraba.

Moito máis alta ca ti non o fun por tanto tempo.
Sei ben que te trezaches a túa propia medula
con cadeas de adn, liñas de horizontes
e das túas cordas vocais o pentagrama revoltó.

Todo canto procuramos era a maleza do camiño,
a mesma sabedoría que garda a pel do hipopótamo:
hai que se enzoufar na lama de cando en vez para refrescar.

O templo da independencia aseméllase a un zigurat;
no seu cumio hai abondo esquinas
para reunírmonos os catro.
Aínda corre un torrente xenuíno a pesar dos anticorpos.
Sentarémonos a repañar o almibre das máis inútiles viaxes.

Temos que reconecer que, en intres, todo o que desexamos foi noso.
O foco traseiro da fantasía, algún motín, músculo e canto.
Nós somos
sucios e valentes, somos
os mellores inimigos de nós mesmos.

Só queriamos capacidade
para ter capacidade, un pouco de sol, un grito,
liberdade para equivocarnos, Alberto,
liberdade para equivocarnos.